



XVII CARREIRA POPULAR DE PONTECESURES

Xoves 8 de decembro de 2016
Praza do Coche de Pedra (Pontecesures)
A partir das 11:30 horas

O Concello de Pontecesures organiza a XVII edición da súa carreira popular na localidade de Pontecesures o xoves 8 de decembro a partir das 11:30 horas e de acordo ao seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control técnico das carreiras estará a cargo do Comité Galego de Xuíces (Federación Galega de Atletismo).
2. Categorias dos participantes e horario das probas:

CATEGORIAS E HORARIOS

CATEGORIA	ANOS NAC	DISTANCIA	HORA
PITUFOS/AS	2012 e posteriores	200 m	13:15 h
PREBENXAMIN	2010/2011	500 m	11:30 h
BENXAMIN	2008/2009	850 m	11:40 h
ALEVIN	2006/2007	850 m	11:50 h
INFANTIL-CADETE	2004/2005 - 2002/2003	1.700 m	12:00 h
XUVENIL/JUNIOR	De 1998 a 2001	4 Kms aprox	12:20 h
PROMESA/SENIOR	De 1983 a 1997	4 Kms aprox	12:20 h
VETERANOS/AS A	De 1972 a 1982	4 Kms aprox	12:20 h
VETERANOS/AS B	1971 e anteriores	4 Kms aprox	12:20 h

ENTREGA DE PREMIOS AS 14:00 HORAS NO CENTRO SOCIAL

A SAIDA DE TODAS AS PROBAS REALIZARASE DESDE A PRAZA DO COCHE DE PEDRA (PONTECESURES)

3. INSCRICIONS

- ✓ A inscrición da proba absoluta (de xuvenil/junior a veteranos) poderá realizarse nas webs www.carreirasgalegas.com e www.fgatletismo.es/santiago con **data límite o luns 5 de decembro ás 22 horas***.

- ✓ A inscrición das carreiras escolares (de pitufo a cadete) farase tamén a través das páxinas web www.carreirasgalegas.com e www.fgatletismo.es/santiago (data límite: luns 5 de decembro ás 22 horas).

Deberán rellenar o formulario cos datos requeridos e finalizar o proceso de inscrición (poderán consultar o listado provisional de inscritos en ditas webs).

PREZOS DA INSCRICION

- **CATEGORIAS ESCOLARES** (de pitufo a cadetes incluídos): **GRATUITA**
- **PROBA ABSOLUTA** (de xuvenil/junior a veterán): **5 €**

* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago das páxinas web www.carreirasgalegas.com e www.fgatletismo.es/santiago.

Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono **981 291 799** (Federación Galega de Atletismo), ou no em@il FGAsantiago@gmail.com.

Teléfonos de información xeral da proba:

- ✚ **986 564 410 / 986 564 403** (Concello de Pontecesures)

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da proba.

4. PREMIOS E AGASALLOS

- ✚ **Camiseta para os 200 PRIMEIROS atletas chegados a meta na proba absoluta. Repartiranse tamén camisetas de regalo para os atletas das categorías escolares.**
- ✚ Trofeos ós 3 primeiros/as clasificados/as da xeral (4 km aprox.) (premios NON acumulativos).
- ✚ Medallas ós/ás 3 primeiros/as de cada categoría establecida no regulamento da proba, agás na categoría pitufo onde non haberá clasificación (entregarase medalla a todos os participantes).
- ✚ Trofeo o/a participante máis veterano/a que logre concluir a proba.

5. A entrega de dorsais terá como tempo límite 30 minutos antes de cada proba e realizarase no **Centro Social de Pontecesures [no día da proba de 9.00 a 11.15 horas]**, a carón da saída das probas. Os dorsais colocaranse nun lugar visible na parte anterior do corpo, preferentemente na zona do peito, respectándose a publicidade existente neles. Na proba absoluta os atletas correrán cun chip que irá situado na parte traseira do dorsal.

6. Está rigurosamente prohibido o acompañamento dos participantes e tamén a entrada ao círculo de toda persoa allea á carreira.
7. A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.
8. Haberá servizo de duchas no Pavillón Polideportivo Municipal de Pontecesures.
9. Todo o non recollido no presente regulamento rexirase pola normativa de probas en ruta da FGA e da RFEA en vigor.